

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 11, 45-56

Naquel tempo, moitos dos xudeus que viñeran onda María e máis Marta, irmás de Lázaro, vendo o que fixo, creron nel. Pero algúns deles foron onda os fariseos, e contáronlles o que fixera Xesús. Entón os sumos sacerdotes e os fariseos reuniron o Sanedrín e dicían:

– «¿Que imos facer? Porque este home fai moitos signos. Se o deixamos así, todos crerán nel e virán os romanos e quitarannos o noso lugar santo e mais a nosa nación.»

Pero un deles, Caifás, que era o Sumo Sacerdote aquel ano, díxolles:

– «Non entendedes nada. ¿Non coidades que vos convén que morra un home polo pobo e non que pereza a nación enteira?»

Iso non o dixo pola súa conta, senón que, sendo Sumo Sacerdote aquel ano, profetizou que Xesús había de morrer pola nación; e non só pola nación, senón tamén para reunir os fillos de Deus que estaban dispersos.

Por iso, desde aquel día, decidiron matalo.

En consecuencia, Xesús xa non andaba á vista entre os xudeus. Marchou para a rexión lindante co deserto, a unha vila chamada Efraím, e alí permanecía cos seus discípulos.

Estaba próxima a Pascua dos xudeus e subiron moitos daquela rexión a Xerusalén antes da Pascua, para se purificaren. Andaban entón buscando a Xesús, e cando estaban no templo, preguntábanse entre eles:

– «¿Que vos parece? ¿Non virá á festa?.»